

O xapo ~ Monólogos partillados

Máis algunhas reflexións arredor do Grupo Bilbao

05 Saturday Apr 2014

POSTED BY PIVONAUTA IN GRUPO BILBAO, LITERATURA



Entre as cuestións que teño lido ultimamente acerca do Grupo Bilbao salienta a confusión de conceptos que hai arredor del e dos seus membros. É certamente difícil definir quen son todos os membros que fan parte do GB, mais si hai algúns cuxa pertenza está fóra de dúbida. Ao meu ver, pódese distinguir un núcleo orixinario de autores, cuxa relación vén desde os inicios do grupo en 1996, onde cabería distinguir entre membros


nucleares e outros membros.

Está recollido na bibliografía especializada que o GB nace do encontro na tertulia do café Comercial de **Fermín** Bouza, Vicente Araguas e **Xavier** Frías en novembro de 1996. Ora ben, Fermín Bouza, co tempo, desligouse da tertulia e do grupo. Aos dous autores restantes uniuse axiña **Manuel** Pereira e algo máis tarde **Rafa** Yáñez. Estes catro autores formamos o núcleo orixinario do Grupo Bilbao e aínda continuamos en activo e somos os membros nucleares.

Visto que a fundación do Grupo Bilbao tivo lugar no café Comercial e que asemade deu lugar ao nacemento da tertulia, hai quen confunde a tertulia co Grupo Bilbao. Non é verdade. Ambas as realidades están intimamente ligadas, ambas as cuestións corren paralelas, mais a **tertulia galega do café Comercial** é unha cousa e o Grupo Bilbao é outra, visto que nin todos os tertulianos son membros do grupo, nin moitos dos membros do grupo frecuentan o faladoiro da Glorieta de Bilbao. Moitos dos insignes escritores e intelectuais galegos que nos últimos anos teñen frecuentado a tertulia (**Borobó**, **Sabino Torres**, **Alexandre Finisterre**, etc.) non son nin foron membros do GB. Hai outras persoas tamén importantes na historia da cultura galega en Madrid, como **Inés** Canosa, tamén frecuentadora do faladoiro, que tampouco é membro do GB. Engadamos unha das maiores intelectuais madrilenas, profesora universitaria, que se ten ocupado do grupo en mancheas de estudos, **Carmen Mejía**, que acompañou o grupo en moitos actos e até ás veces pasou polo café Comercial. Cómpre ter en conta que as tertulias galegas (non son tertulias do Grupo Bilbao) se teñen mantido ininterrompidamente desde finais de 1996 nos derradeiros sábados de cada mes. Os temas máis tratados son culturais,



nomeadamente literarios, mais non foi nunca unha tertulia política. Tense asociado tanto o faladoiro como o GB co nacionalismo galego, o cal é falso. Aínda que algún membro da primeira época do GB se declarase nacionalista, os máis dos seus membros pasados e actuais non seguen esa liña política. Canto ao faladoiro, evidentemente hai toda caste de opcións políticas entre os seus membros, mais non é un grupo de xente que se xunta no café Comercial para analizar a realidade galega desde un prisma nacionalista. É absolutamente falso, pois os temas culturais son predominantes.



Por tanto, o GB é un colectivo de escritores. Se non se é escritor, non se pode pertencer a el. Doutra banda, non é un grupo de poetas. Poetas son a inmensa maioría, mais tamén hai quen escribe prosa. Os membros do Grupo Bilbao teñen en común escribiren en galego, mais todos eles escriben ou escribiron en español, precisamente por viviren ou teren vivido en Madrid. A presenza do portugués é, ademais, notábel nalgúns deles.

Como tantos outros grupos, o GB ten unha colección de seu: O Roibén. Non ten nin tivo unha revista propia, aínda que se fixesen moitos estudos sobre os membros do GB en Madrygal e se publicasen moitos traballos literarios nas súas páxinas de varios membros do GB, mais tal revista, fundamental na historia do GB, non pertence ao propio grupo, é unha revista do Seminario de Estudos Galegos da UCM. Esta revista, presente desde moi cedo nos inicios do grupo, xa non é a única en que aparecen estudos sobre o grupo; tamén a Revista de Lengua y Literatura Catalana, Gallega y Vasca da UNED se vén ocupando do grupo desde 2008, xusto cando comeza a terceira fase da historia do grupo. Ademais, O Roibén nunca foi unha colección reivindicativa no sentido político, foi e é unha colección literaria que visa dar voz aos autores de expresión galega de Madrid, mais non só iso, dado que se promoven tamén as traducións e as edicións bilingües.

Engadamos que os autores do GB teñen publicado en editoras e plataformas dispares ao título individual. Porén, si existen libros colectivos. No entanto, non todos os autores que aparecen nos libros colectivos do GB son membros do grupo, mais si hai un elemento que é moi importante ter en conta: todos os membros do GB teñen publicado algunha vez n'O Roibén, aínda que non todos os autores que publicaron n'O Roibén fan parte do grupo. Esta idea é crucial. Engádase, ademais, que hai escritores galegos que viven en Madrid e non teñen relación co GB, como Antonio Domínguez Rey, Maite Dono ou Marina Mayoral.

Como xa dixen antes, é complicado establecer unha lista exacta de que persoas pertencen e pertenceron ao grupo. Mesmo así tentarei dar unha listaxe incompleta de autores que teñen ou tiveron presenza no GB. Ademais do núcleo fundador, hai unha serie de autores que se manteñen desde moi cedo e que participan esporadicamente de publicacións promovidas polo grupo, como Luis Luna (poeta alógrafo) ou José Galán (este último xa practicamente fóra dos ambientes literarios). Despois do rexurdir do grupo uníronse unha serie de escritores residentes en Madrid, como Begoña Regueiro, Ana Cibeira, Pilar Mera e, nomeadamente, Luz Pichel. Hai outra serie de escritores que en momentos concretos participaron en traballos colectivos como Margarita Vázquez ou Yolanda López. Desde fóra de Madrid manteñen a súa

relación co grupo **Verónica** Martínez (desde Galiza) e **Victoria** Veiguela (desde Varsolvía). Faltan nomes, mais non é este o espazo para tratar polo miúdo todos os autores. Digamos que algúns son autores do grupo e outros son autores que participaron de publicacións do grupo.